

# **REGULAMENTO DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO**



**DEPUTACIÓN  
DE LUGO**

# REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

## 1. OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto ordenar a organización e desenvolvemento da iniciativa económica para a explotación e funcionamento do “Centro de Recría da Deputación Provincial de Lugo”, mediante a fixación do estatuto de dereitos e deberes das persoas que interveñan nas distintas actividades e funcións a realizar. O fin perseguido con este regulamento é protexer as instalación do centro de recría e regular as relacións entre os usuarios a entidade concesionaria e o poder de dirección do ente Provincial; completándose así o marco regulatorio do contrato de concesión deste servizo xunto co proxecto de explotación, os pregos de cláusulas económico administrativas particulares e os de prescripcións técnicas.

## 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este regulamento aplicarase á organización e funcionamento do Centro de Recría da Deputación de Lugo, como iniciativa económica provincial que se prestará, ó abeiro do artigo 86 da Lei 7/85, do 2 de abril, aproveitando as instalación dunha edificación e base territorial de propiedade provincial, adscritos ao bon fin da actividade e explotación a desenvolver, segundo o definido nos documentos retores da relación contractual, entre Deputación e entidade xestora, conforme ao establecido na lexislación de contratos do sector público e restante normativa de aplicación.

## 3. FORMA DE XESTIÓN.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o día 28 de xuño de 2016, determinou que a forma de xestión da devandita actividade, sexa indirecta na modalidade de contrato administrativo de concesión de servizos, consonte á Directiva 2014/23/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febrero, relativa á adxudicación de contratos de concesión e ao previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP, en canto resulte compatible, na modalidade do contrato típico de xestión de servizos públicos (Artigo 8 e concordantes do TRLCSP).

Definición de Centro de recría: Instalación con protocolos sanitarios moi esixentes, especializado en recepcionar xovencas procedentes doutras explotacións, cunha idade entre quince e vinte cinco días e que unha vez preñadas se reintegran as explotacións de procedencia, con unha idade máxima de 24 meses de idade.

Definición de novillas: gando vacún, que entra no centro de recría cunha idade entre 15 e 25 días e se devolve a explotación de procedencia, con 24 meses de idade e unha

vez preñadas, agás imposibilidade biolóxica ou outras circunstancias físicas que determinen a devolución á granxa de orixe por inviabilidade do animal para a reprodución.

#### 4. FUNCIÓNS E DESTINATARIOS

**FUNCIÓNS:** Recriar novillas de alta calidade para ser devoltas, en estado de xestación, a súa explotación de orixe. Cumprir protocolos sanitarios e reciar as xovencas con altos estándares de calidade para unha producción eficiente e sostible que habilite unha maior competitividade das explotacións gandeiras que se vaian adherindo ao sistema, conforme ao ordenado e pautado neste Regulamento.

**DESTINATARIOS:** As persoas físicas que sexan gandeiros (agricultores) profesionais e teñan tal condición de acordo coa normativa específica (Lei 19/1995, d 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento), atopándose inscritos no rexistro de explotacións agrarias de Galicia (REA) e dispoñan dun código "cea" da explotación agraria.

Tamén son destinatarios as persoas xurídicas de carácter asociativo previsto no ordenamento xurídico, especialmente na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento cuxos obxecto social ou fins sexan a actividade gandeira e que, igualmente, estarán inscritas no REA de Galicia, con código CEA da explotación.

Terán preferencia os gandeiros profesionais e entidades asociativas con explotación aberta e operativa no territorio da Provincia de Lugo. No caso de que a capacidade do Centro de Recría non esté cuberta con explotacións abertas e operativas na Provincia de Lugo, poderán acceder a ela outros gandeiros, (persoas físicas ou xurídicas) que cumpran as condicións de profesionalización rexistro e actividade, relacionadas no apartado precedente.

#### 5. OBXECTIVOS DO CENTRO

**OBXECTIVO XERAL:** Inténtase acadar, entre outros obxectivos, ofrecer ao sector gandeiro de vacún de leite unha ferramenta que permita o seu dimensionamento de xeito sostible, debido ao incremento da súa competitividade, derivado do aproveitamento de toda a súa capacidade territorial.

##### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Maior profesionalización das infraestruturas adicadas exclusivamente á recría, o que redundá nun importante aforro de custes.
- Maior especialización e adicación do persoal adicado á recría.

- Liberación de traballo e espazo nas explotacións gandeiras leiteiras, o que permite incrementar o número de vacas produtivas por explotación, incrementando así a produtividade das explotacións.
- Mellora da sanidade, crecemento e potencial produtivo, idades menores ao primeiro parto e inferior porcentaxe de baixas antes do mesmo, o que redunda nun aumento do número de novillas listas para producir nas explotacións.
- Mellora da xenética das novillas recriadas, o que repercute na mellora da calidade do leite producido e dos produtos lácteos derivados do mesmo.
- Aforro de custes derivados da economía de escala

## 6. PROCEDEMENTO PARA A ADMISIÓN NO CENTRO DE RECRÍA E CRITERIOS DE SELECCIÓN

- A entidade encargada da xestión do centro de recría deberá habilitar unha unidade administrativa, que se encargue da selección dos usuarios e xestión da entrada e salida no centro.
- As solicitudes de admisión no Centro de Recría deberán remitirse por correo electrónico, fax, ou presencialmente á unidade administrativa do Centro.
- A entidade concesionaria deberá establecer un sistema telemático que permita cursar as solicitudes e as respostas de forma electrónica.

Nas solicitudes faranse constar, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e DNI do titular da explotación solicitante.
- No caso de persoas xurídicas ,entidades de base asociativa ou comunitaria (CIF) e identificación do representante, precisando as súas características xurídicas: Cooperativa, SAT, sociedade civil, comunidades de bens ou outras formas de organización da explotación gandeira, conforme ao ordenamento xurídico. – Número de reses da explotación.
- Enderezo da explotación.
- Inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia ( REA) previsto no Decreto 200/2011 de e código CEA da mesma.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Identificación da novilla ou xuvanca co seu crotal
- Calificación sanitaria do animal e da explotación

– REA e CEA da explotación

- Identificación da nai da novilla, que deberá estar presente na folla de calificación sanitaria (folla verde), para asegurar que á nai cumpre as medidas sanitarias establecidas
- Declaración veterinaria de que a explotación cumpre un manual de boas prácticas no manexo do parto, toma de calostro e administración de lacto reemplazante, que deberá ser o mesmo que se utilice no centro de recría. Na declaración veterinaria deberá constar o nome do veterinario, número de colexiado, data e sinatura.
- A selección dos usuarios será realizada por persoal debidamente identificado da empresa concesionaria, coñecido polos usuarios e pola administración. A empresa adxudicataria publicará, respectando a lexislación de protección de datos de carácter persoal e o carácter confidencial da información, de forma extractada a procedencia e cuantificación das novillas admitidas. A empresa adxudicataria debe elevar informe mensual a persoa ou persoas que teñan a condicións de responsable ou responsables do contrato designado pola Deputación Provincial. A entidade provincial resérvase o poder de dirección e supervisión sobre a concesionaria, tamén no que alude a selección e autorización de entrada de novillas no centro de recría de granxa Gaioso Castro.
- A concesionaria deberá respectar a lexislación de protección de datos en relación coas persoas que usen os servizos ou actividades prestados polo centro de recría.
- A empresa concesionaria deberá respectar, en todo caso, este regulamento no procedemento de admisión, os protocolos sanitarios e as determinacións dos pregos de condicións, tanto económico administrativas como de prescripcións técnicas, así como o proxecto de explotación.

## 7. CRITERIOS PARA A ADMISIÓN E SELECCIÓN DE XUVENCAS NO CENTRO DE RECRÍA, POR ORDE DE PREFERENCIA.

- Número de xovencas con compromiso de incorporación ao centro de recría nun ítem temporal determinado de ata seis meses, por parte da respectiva persoa titular da explotación agraria (gandeiría).
- Condición de muller da titular da explotación agraria (gandeiría) prioritaria de conformidade coa Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento.

- Condición de gandeiro xove, persoa física, que non teña cumplidos os 40 anos 1 e sexa titular dunha explotación agraria prioritaria de conformidade coa Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento. No caso de persoas xurídicas o gandeiro xove debe ser a persoa que exerce o control efectivo da persoa xurídica, entendendo que exerce o control efectivo sobre a persoa xurídica cando as súas accións, participación ou aportacións supoñan polo menos un importe , igual ou superior, que o do socio con maior participación e forme parte da súa xunta reitora ou órgano de goberno.
- Condición xurídica de sociedade agraria de transformación da entidad que aporte as reses, cualificada como explotación prioritaria de conformidade coa Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e normativa de desenvolvemento.
- Integración do gandeiro nunha sociedade cooperativa de natureza agraria. F) Outras formas de asociación previstas na Lei 19/1995, do 4 de xullo de modernización de explotacións agrarias.

## 8. FINANCIAMENTO DO CENTRO DE RECRÍA

Este Centro financiarase coas tarifas ou prezos aboadas polos usuarios nos termos do estudo económico contido no proxecto de explotación e que se aproben polo ente provincial, xunto co acordo de adxudicación da concesión. A contía a satisfacer será o resultado da adxudicación da concesión conforme a documentación reitora da licitacións e serán publicados para xeral coñecemento no BOP e a través dos medios de transparencia de que dispón a entidade provincial. As tarifas actualizaranse cada dous anos.

A fórmula de revisión aplicable para as tarifas será a definida no prego de cláusulas administrativas particulares e no propio contrato da concesión, como resultado da adxudicación. 1 Segundo a Lei 19/1995, de 4 de xullo: Agricultor novo é a persoa que cumprise os dezaoito anos e non cumprise corenta anos e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.

A maiores, a revisión de tarifas que deberán aboar os usuarios poderá ter lugar, previa autorización da entidade provincial, por calquera dos motivos seguintes:

- Por incremento ou diminución dos gastos de explotación. Os custes de explotación poden variar si se alteran os elementos que os integran e si experimentan aumentos ou diminución de diferentes partidas que componen os mencionados gastos
- Por incremento das obrigas financeiras, como consecuencia de novas inversión ou ampliación de infraestruturas e equipamentos por enriba das previstas nos

documentos reitores da licitación e adxudicación debidamente autorizados pola Deputación Provincial.

En todo caso a modificación das tarifas ou prezos a alza ou a baixa ( prezo a pagar polos usuarios do centro de recría) debe ir precedida dos documentos e estudos técnico- económicos que as xustifiquen.

O concesionario asumirá o risco de impagos das tarifas por parte dos usuarios e o risco operacional nos termos da Directiva 2014/23 UE.

Estas tarifas ou prezos serán pagados polos usuarios do centro a concesionaria, previa emisión de factura regulamentaria, coa periodicidade que se estableza no contrato a asinar entre a concesionaria e o gandeiro usuario para concretar as condicións das prestacións recíprocas durante a estancia das xuvencias no centro de recría. O gandeiro terá dereito a que esa facturación do prezo a pagar se emita mensualmente e que o pago se efectúe nos sete primeiros días do mes seguinte ao da facturación( mes vencido). O pago respectará o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude en canto as limitacións de pagos en efectivo.

## 9- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

- No marco deste Regulamento, dos pregos de prescricións económico administrativas e técnicas, así como do proxecto de explotación, o concesionario organizará o Centro de Recría.
- A Deputación Provincial de Lugo velará polo bo funcionamento deste servizo, exercendo facultades de inspección e tutela sobre o concesionario a sobre os dereitos e deberes dos usuarios, de acordo co sistema de competencias establecido na lexislación básica de réxime
- A modalidade de xestión prevista ao abeiro do artigo 85 da LBRL é a xestión indirecta mediante a concesión de xestión de servizo público. A concesión rexérase polo establecido na Directiva Europea 2014/23/UE e polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP e restante normativa de desenvolvemento.
- Cando as circunstancias o demanden, o Pleno da deputación ou órgano provincial que resulte competente, poderán adoptar, de oficio ou a solicitude do concesionario ou da metade máis un dos usuarios que representen, en todo caso, a metade máis un

do número de tenreiras existentes na data da solicitude, as medidas organizativas e de prestación da actividade que estime necesarias e proporcionadas para a boa execución da mesma, minimizando as perturbacións aos usuarios, coa finalidade de garantir o bon fin da actividade. En todo caso no procedemento que a tal efecto se tramite será oído o concesionario.

- A actividade ordinaria do Servizo do Centro de Recría terá como responsables administrativos dentro da Excma. Deputación Provincial de Lugo a persoa que se encargue das dirección operativa do conxunto funcional coñecido como da Granxa Gayoso Castro, baixo a dirección do Deputado Delegado da área ou quen na organización política da entidade provincial realice tales tarefas.
- O persoal que debe proverse, como mínimo, polo concesionario para a adecuada prestación da actividade do centro de recría defínese nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas, garantindo a identificación dunha persoa, responsable da concesionaria, que se relate a coa administración concedente e cos usuarios.
- O persoal adscrito ao servizo pola concesionaria non terá relación laboral coa Deputación provincial, asumindo o concesionario todas e cada unha das obrigas salariais, sociais e tributarias.
- Debe existir un responsable designado pola concesionaria que actúe como interlocutor nas relacións coa Deputación provincial. Tal designación deberá de constar formalizada por escrito e comunicada fehacentemente a Deputación provincial

## 10- USUARIOS DO SERVIZO: DEREITOS E DEBERES

- O usuario do Centro terá os seguintes dereitos:

- Acceder ao devandito Centro e recibir asesoramento sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
  - Á consideración no trato, debida a dignidade de persoa, tanto por parte do persoal do Centro como dos demais usuarios.
  - A deixar de utilizar os servizos en calquera momento, por vontade propia pero sen causar perxuizos e terceiros e dando satisfacción as obrigas resultantes.
  - A que non se realice nas súas novillas investigación nin experimentos sin unha información sobre os métodos, medios e fins, e a previa autorización.

– A asociarse con obxectivo de favorecer a súa participación nas actividades do centro.

– A cumplimentar, como mínimo, unha vez por ano, unha enquisa de satisfacción, que medida calidade e eficacia da actividade desenvolta pola concesionaria.

– A utilizar as vías de reclamacións e suxerencias, para solicitar información sobre as normas de funcionamento e os medios de comunicación (queixas, suxerencias, reclamacións e preguntas).

– A seren indemnizados polos danos que lles ocasiona o funcionamento do servizo, por parte da entidade concesionaria prestadora do mesmo, agás que o dano se producira como consecuencia dunha cláusula imposta pola Administración (entidade concedente) con carácter ineludible

– O usuario do centro terá os seguintes deberes:

– Cumprir as normas sobre a utilización do Centro

– Tratar con máximo respeto ao persoal do Centro e outros usuarios/as e non estropear as instalacións

– Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a favorecer o entendemento entre o persoal do Centro e os usuarios.

– Someterse e respectar os protocolos sanitarios impostos para a entrega e estancia no centro.

– Pagar os importes facturadas pola estancia de reses da súa titularidade no centro de recría, nos prazos e polos procedementos estipulados no contrato asinado antes ou ao tempo da entrega dos animais.

– Nos conflitos que poda xurdir entre a entidade concesionaria e a persoa destinataria dos servizos e funcións específicas do centro de recría, existirá unha intervención decisoria da administración concedente por vía de acción ou recurso.

## 11- PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO DO CENTRO DE RECRÍA

– A condición de usuario do Centro de Recría perderáse polas seguintes causas:

– Por devolución da novilla preñada para continuar o ciclo produtivo a explotación de orixe; esta devolución producirase como moi tarde antes de cumplir os 25 meses de idade.

- Por da res ou reses (novillas) entregadas.
- Por renuncia voluntaria do usuario
- Reiterado incumprimento das normas de utilización do Centro, segundo o réxime de infraccións e sancións previsto neste propio regulamento e compatible coas sancións a impoñer; a estes efectos enténdese por reiterado incumprimento voluntario a comisión de dúas infraccións graves nun período inferior ou igual a seis meses ou de dúas faltas moi graves nun período inferior ou igual a dezaoito meses.
- Por incumprimento reiterado no pagamento das cotas establecidas. A estos efectos enténdese por reiterado incumprimento da obriga de pago o impago da tarifa aprobada durante dúas mensualidades consecutivas ou tres mensualidades vencidas durante o período de nove meses e deixando a salvo casos de fraccionamento e aprazamento da débeda.
- Por ter cumplido os 18 meses de idade e antes dos 19, a res no centro de recría sen acadar a condición biolóxica de preñez ou ben por sufrir alguma enfermidade ou lesión debidamente informada, por facultativo veterinario que convertan a res en inviable para unha función reprodutora . Nestes casos o centro de recría debe advertir previamente a gandeiría titular da res.
- Para aplicar as causas de perdida da condición de usuario mencionadas nas letras c, d, e, f, precedentes, será preciso tramitar un expediente con audiencia do usuario e autorización previa da administración concedente.
- A perda da condición de usuario pode declararse con independencia dos procedementos sancionadores polas infracción previstas neste Regulamento.

## 12- SOBRE O RESPETO AS MEDIDAS E PROTOCOLOS DE SEGURIDADE SAMITARIA.

Todas cantas persoas e entidades interveñan na organización e funcionamento do centro de recría, incluídos os usuarios do centro coa estancia de cuxas da súa titularidade, deberán cumplir co conxunto de medidas de bioseguridade, programas sanitarios resultantes da adxudicación ou que resulten de e aplicación ao longo de explotación e funcionamento da actividade. No prego de prescripcións técnicas establecense as medidas básicas e mínimas a respectar, fixadas para o presente e suxeitas a modificacións futuras, como consecuencia das melloras presentadas polo licitador adxudicatario, ou derivadas da evolución tecnolóxica e científica do ramo.

## ART. 13 RÉXIME SANCIONADOR.

- Este artigo ten por obxecto a fixación das condutas que se tipifican como infraccións, coa súa respectiva cualificación, a determinación da autoría e responsabilidade e as garantías básicas do procedemento.
- O presente réxime sancionador só rexera se falta normativa común, especial ou sectorial de aplicación ou se esta última resultase insuficiente.
- A imposición de sancións será competencia do señor Presidente da Deputación provincial, dando conta ao Pleno con unha periodicidade semestral, dos expedientes que se tramiten. O procedemento sancionador tramitarase conforme ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas e normativa que a desenvolva.

#### 14. DAS INFRACCIÓNNS

- Serán responsables as persoas que realicen os feitos ou non cumpran os deberes que constitúan infracción.
- As conductas infractoras cualifícanse como faltas leves, graves e moi graves. Son faltas leves: o incumplimento das obrigas e prohibicións establecidas neste Regulamento e que non se cualifiquen como graves ou moi graves e, en xeral, a falta de respeito manifestada en incorrección do trato, actitudes ou palabras desconsideradas ou inconvenientes para o persoal do centro, os propios usuarios do centro ou as persoas encargadas da vixilancia e tutela administrativa. Son faltas graves:
  - Entorpecer intencionada e habitualmente, as actividades do Centro de Recría.
  - Dificultar as tarefas do persoal do Centro de Recría no control e manexo das reses.
  - Facilitar información inexacta respecto das novillas que se incorporan ao centro.
  - Facilitar información inexacta respecto das condicións da explotación ou do titular da explotación a fin de acceder ao Centro de Recría como usuario do mesmo.
  - A demorainxustificada e reiterada no pagamento das tarifas, sen prexuízo dos sistemas de cobro que resulten de aplicación.
  - A reiteración de tres ou máis faltas leves, nun período de dous anos. Faltas moi graves:

-Calquera das conductas descritas como graves se causan dano grave e relevante as instalacións (continente e contido) e as reses (xuvencias) que se atopen no Centro de Recría. -Introducir conscientemente novillas no Centro de Recría con patoloxías que poñan en risco a salubridade do centro e/ou protocolos sanitarios.

-A reiteración de tres infraccións graves nun período de un ano.

## 15- DAS SANCIÓNSEN

- As infraccións leves serán sancionadas apercibimento.
- As infraccións graves serán sancionadas con multa entre 90 e 150€.
- As infraccións moi graves serán sancionadas con unha multa de entre 150,01 ata 300€
- Sobre a graduación das infraccións. Ao determinar as multas correspondentes, a Deputación garantizará a adecuación debida entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada. Consideraranse especialmente os seguintes criterios:
  - Existencia de intencionalidade ou reiteración, así como o grao de participación nos feitos do infractor e o beneficio obtido por este motivo da infracción administrativa.
  - A natureza dos prexuízos causados, atendendo a gravidade do dano derivado da infracción, a alteración causada e ao grao de afectación que a devandita infracción tivera na saúde e seguridade das persoas.
  - A reincidencia, por comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, si foi declarada por firme resolución na vía administrativa. Se a comisión dunha das infraccións administrativas previstas neste Regulamento derívase necesariamente á comisión doutra ou outras, impóñerase unicamente a sanción más elevada de todas as que sexan susceptibles de aplicación, independentemente, no seu caso, da estimación de caudal consumido que poida efectuarse.

## 16- PREFERENCIA E COMPATIBILIDADE XURISDICCIONAL.

Se durante a tramitación do procedemento sancionador apréciase a posible cualificación dos feitos como constitutivos de delito ou falta de estafa, apropiación indebida ou fraude na subministración, segundo a regulación contida no Código penal, procederese de acordo coa lexislación vixente, a poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal. As sancións previstas neste Regulamento impóñense con independencia da responsabilidade civil ou penal que poida ser exercida ante os Tribunais competentes.

## 17- OBRIGAS ACCESORIAS.

A imposición das sancións é independente da obligación esixible en calquera momento ao responsable da infracción da reposición da situación alterada no seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados nas instalacións ou bens municipais que resultasen afectados. As infraccións reiteradas ás normas de utilización e funcionamento do centro conllevará como medida accesoria a perda da condición de usuario do centro.

## 18- MEDIDAS CAUTELARES.

A Deputación poderá adoptar as medidas de carácter provisional que que aseguren a eficacia da resolución final que poida recaer. Na adopción destas medidas débense ter presentes as pas pautas seguintes:

- A existencia de elementos de xuízo suficientes que xustifiquen a conveniencia de adoptar medidas provisionais.
- A idoneidade e proporcionalidade das medidas adoptadas en referencia aos feitos e circunstancias determinadas no expediente sancionador.
- Que a omisión de medidas provisionais poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, especialmente no relacionado cos protocolos sanitarios do centro. Estas medidas cautelares, sempre previa audiencia do afectado, poden conllevar a suspensión da actividade de recría ao gandeiro afectado, con devolución da rese a explotación de procedencia, a fin de paliar ou diminuir os efectos da infracción. A

19- De conformidade co establecido no artigo 184.2 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, contra as decisións da concesionario finalizadoras de algúñ procedemento ou tramitación, poderá reclamarse diante da Administración concedente no prazo de un mes desde que se notifiquen aos destinatarios. Órgano competente para resolver será o señor Presidente da Deputación Provincial.

## 20- INTERPRETACIÓN.

Correspónelle á Excma. Deputación Provincial de Lugo, por medio da súa Xunta de Goberno, as facultades de aplicar e interpretar as disposicións contidas neste regulamento, agás o exercicio da potestade sancionadora, sen perxuízo das facultades que en todo caso corresponden aos tribunais. Para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto na lexislación vixente.

- DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. As gandeirías usuarias do centro de recría e a concesionario, asinaran un contrato para a estancia da res ou reses no centre que

concreto as prestacións entre as partes. Cada contrato particular axustarase a un contrato tipo que será aprobado, ao mesmo tempo que se acorde a adxudicación do contrato concesional e será adaptado ou actualizado durante a execución da concesión pola Presidencia da Deputación ou órgano no que delegue. Son elementos mínimos do contrato tipo os seguintes:

- O lugar e data.
- As partes que interveñen e as condicións na que o fan.
- A identificación da res ou reses que se entregan.
- As prestacións e obrigas que asume cada unha das partes.
- O sistema de facturación e pago de conformidade con este Regulamento e as tarifas aprobadas pola Deputación Provincial.

#### 6.- O sistema de comunicación entre as partes.

7- Xuntarase ao contrato que se asine con cada gandeiro, información detallada dos Protocolos Sanitarios e do Regulamento de Servizos, e dos lugares onde consultalos.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**– As referencias normativas efectuadas neste regulamento, entenderanse referidas as disposicións normativas que as substitúan ou modifiquen no futura ocupándose de regular esa mesma materia.

**DISPOSICIÓN FINAL** O Presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado integralmente no BOP e cumprido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, permanecendo vixente namentras non se proceda a súa modificación ou derogación expresa. RECURSOS Contra esta disposición regulamentaria as persoas lexitimadas poderán interpoñer, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a súa publicación no BOP, recurso contencioso administrativo, diante do Tribunal superior de xustiza de Galicia, con sede na Coruña, consonte ao previsto no artigo no artigo 10 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.